



## GALERÍA DE ARTE

## Noesis

**M**ANUEL Olveira (A Coruña, 1964) pertence á clase de artistas que, conscientes da aceleración de costumes e formas de vida que se producen ó noso redor, intentan evolucionar ó son do tempo, modificando a súa imaxe artística e a súa obra dentro dun ambiente que en torno deles se caldea de aires novos.

A súa última exposición na galería Minotauro permítenos contemplar cómo evolucionou a súa traxectoria artística. A mostra está formada por unha serie de obras nas que queda patente unha desvinculación co tanxible, concomitancias coas variacións que sobre o círculo e a liña baseara as súas experiencias Kandinsky no seu período da Bauhaus. No tratado 'Do punto e a liña ó plano' barallaba tódalas posibilidades que lle brindaban estes elementos.

Tamén Olveira, na súa nova fase creativa, se libera da escravitude obxectual, ofrecéndonos un camiño lineal e punteado polo que se encamiña non só a súa obra, senón o seu autor, con medida, delicadeza e sensibilidade.

Calquera idea ou intuición, nos seus lenzos quedou disolta ou descomposta nos seus dous componentes elementais: a liña e o punto.

Ámbolos motivos percorren recorriendamente os seus cadros desenganados polos habituais parámetros da tradición pictórica.

Os espacios dos seus lenzos simplemente deixan de ser un ámbito de re-

presentación, para ser presentación de liñas verticais ou horizontais, separadas por completo sobre superficies monocromas, que se asemellan a unha escritura a man, pero unha escritura infinita, xa que o marco do lenzo prolonga o texto, precisamente por deixar un oco entre un e outro. A técnica empregada, o acrílico, permítelle aumenta-los niveis de representación case sen límite. Pero aínda con ser único o tema e o tratamento, a exposición queda libre de monotonía. Xuntas as súas obras conforman unha progresión estética que busca a comunicabilidade máis sinxela. Cada receptor é moi libre de recolle-las posibilidades interpretativas que máis lle poidan interesar e pi-sa-las outras.

En definitiva, o discurso que nos deixá non se conforma cun espectador pasivo, senón que solicita que participemos das innumerables sensacións e estados anímicos que nos brinda a galería. Chegar ó resultado presente foi froito dun traballo de depuración e avance consciente na abstracción. Olveira, na súa meditación e concentración coas súas elucubracións conceptuais, converteu as salas desta galería nun recinto zen.

Eses fondos azulados polos que pululan as súas constelacións elementais amosan enormes vínculos co pensamento extremo-oriental.

Fátima Otero